

vida sobre a que interesa meditar; xeralmente, emprega a sinxeleza do popular octosílabo. 2ª, un texto do Evanxeo que serve de apoiatura ilustrativa dese anaquiño de vida. 3ª, unha meditación que, partindo do texto evanxélico anterior, ilumine aquel anaquiño de vida. 4ª, coroa o proceso cunha "oración final" que resulta das tres fases ateriores.

Para nos marca-lo camiño, toma trinta e catro anacos de vida (como a familia, a casa, o perdón, a enfermidade, o amor en parella, a angustia, a televisión, os cartos...), que o lector-orante pode acrecer e variar ó seu albedrío e segundo o seu propio proxecto de vida. E cadaquén pode usa-lo libriño como lle pete: para a oración persoal, familiar ou en grupo. No fondo, e ante Deus, todos somos, se ben se mira, coma Xan.

En conclusión: *No nome do Pai* é unha verdadeira xoia na que se descobre o pracer de orar con *sentidiño*. ¡Laus Deo!

Manuel DOURADO DEIRA

VICTORINO PÉREZ PRIETO, *Do teu verdor cinguido. Ecoloxismo e cristianismo*, Espiral Maior. A Coruña 1997, 221 páxs.

Na sociedade que todo o engole poucas cousas saben a novo. ¿Quen non é hoxe, aínda que só sexa un pouco, ecoloxista? Non era así hai dez anos, cando o movemento ecoloxista era aínda unha aposta radical, que moitos pensaban ilusorio extremismo de mal informados e un tanto fanáticos militantes antisistema. Hoxe moitas das súas propostas son miradas con receo desde o poder pero xa ningún poder pode nega-la súa existencia e o seu dereito a influír nas decisións políticas.

Pero todo o que é engulido é banalizado. Por iso, o primeiro obxectivo do autor deste mesurado e rigoroso traballo é axudarnos a rescata-lo ecoloxismo do seu cárcere mediático: a versión sentimental e banalizada que os medios de comunicación nos ofrecen do movemento ecoloxista neutraliza o seu potencial mobilizador. No terceiro capítulo descubrímo-la seriedade do pensamento ecoloxista, que non é unha aposta de fin de semana, senón unha sistemática análise das implicacións que as prácticas económicas, políticas e éticas da civilización occidental teñen para o futuro

do planeta e da humanidade. Porque a preocupación polo planeta, ¿non é, no fondo, unha preocupación polo ser humano que non pode vivir nin medrar, física e mentalmente, se non é en relación coa realidade da que procede e na que se desenvolve?

¿E non ha de ser logo a preocupación ecoloxista unha preocupación dos cristiáns? Sei que moitos cristiáns encontran esta asociación sorprendente, e que moitos ecoloxistas sacarían dun xa famoso artigo do historiador americano Lynn White Jr. (traducido recentemente nesta revista), ou dalgún dos seus moitos mentores, a idea de que na relixión xudeu-cristiá está a raíz dos problemas ambientais. Velaquí o obxectivo fundamental deste libro: documenta-lo *verdor* intrínseco do cristianismo e afondar no reto que para a teoloxía católica supón o pensamento ecoloxista. Catalizar un fecundo intercambio e a colaboración dos cristiáns nos movementos ecoloxistas. Despois de analizar no capítulo cuarto as acusacións ecoloxistas contra o xudeu-cristianismo, o quinto capítulo mergúllanos, cunha prosa amena e rigorosa, na experiencia bíblica de Deus en relación coa natureza, que fundamenta a sabedoría *ecolóxica* dos distintos libros da Biblia.

Pero non hai só sabedoría na tradición xudeu-cristiá, tamén práctica *protoecoloxista*. Os cristiáns máis *ecoloxistas* (Francisco de Asís, Xoán da Cruz e Teilhard de Chardin) sonnos presentados no capítulo sexto como acoledores desa sabedoría no “mellor pulo místico cristián que descobre e acolle a divindade, a totalidade, non por abstracción do real, senón por afondamento do existente que é percibido, todo el, como sinal de Deus e como tarefa humanizadora que nos implica”, como afirma Xosé Antón Miguélez no prólogo. Prólogo que o lector fará ben en non saltar, para non desperdiciar un magnífico ensaio nin ignorar unha completa e informativa introducción.

O libro –o primeiro en galego sobre o tema– comeza cunha fermosa experiencia persoal que pretende leva-lo lector ó terreo afectivo. Despois dunha declaración de principios, continúa introducíndoo no problema, nun interesante esforzo divulgador que percorre a situación actual do planeta atendendo a criterios sólidos, aínda que propenda en contadas ocasións á esaxeración. A continuación dos capítulos resaltados máis arriba o autor ofrécenos unha precisa conclusión teolóxica onde a nova conciencia –que da nosa relación e da nosa responsabilidade coa natureza fomos adquirindo– chama a unha nova maneira de concibir a Deus e a nosa relación con El.

Tanto a estrutura do libro como o estilo ameno, mantido mesmo nos capítulos máis especializados, fano accesible a todos. Unha pequena

bibliografía remata o volume pero o lector interesado en profundar encontrará un vasto sistema de notas a cada capítulo que lle permitirá ampliar calquera dos temas tratados. Este é o cuarto libro do autor, ben coñecido de tódolos lectores de *Encrucillada*.

Jaime GONZÁLEZ ORTEGA

XOSÉ MANUEL VARELA VARELA, *Saturnino Cuíñas Lois (Fotobiografía dun cura exemplar e folclorista benemérito)*, Concello de Cabana, 1997.

Saturnino Cuíñas nacera na parroquia de San Miguel de Carballedo, na pontevedresa Terra de Montes, en 1897. De familia de canteiros, desde moi novo sentiu afección pola música popular galega, manifestada xa na súa infancia e mesmo durante a súa etapa seminarista en Santiago. Durante 47 anos (de 1931 a 1978, data da súa morte) foi párroco de Santo Estevo de Cesullas (concello de Cabana, na comarca de Bergantiños), e nesta parroquia desenvolveu un interesante labor, especialmente desde o punto de vista da recuperación das cantigas e músicas populares. E tamén colaborou na recuperación de instrumentos, como a zanfona (el e mais Santalices).

Xa desde principios dos anos cincuenta entra en relación cos coros galegos –como *Cántigas da Terra*, *Aturuxo*, etc.– que interpretaban musicalmente as cancións populares que o crego de Cesullas recollía de memoria (foliadas, alalás, pandeiradas, etc.). Esta colaboración cos grupos folclóricos continuou durante máis de dúas décadas, o que motivou que recibise en vida os recoñecementos dos mesmos (descubrimento dunha placa-homenaxe na súa casa natal de Carballedo, en 1951; Medalla de Ouro de Primeira Clase do Premio Marcial del Adalid, en 1959, acto no que a Real Academia de Belas Artes da Coruña lle regalou un cáliz adquirido por subscrición popular, etc.); o Concello de Cabana tamén o nomeara Fillo Adoptivo en 1956 e, a título póstumo, en 1985, Fillo Predilecto.

Quizais Saturnino Cuíñas sexa máis coñecido por se-lo revitalizador da romaxe de San Fins do Castro, que na súa parroquia de Cesullas se celebra o 1 de agosto. Cando viñera destinado a Cesullas era unha festa de pouca sona, pero empezou a potenciala ata convertela nunha das máis importantes da provincia da Coruña: hoxe é a principal festa oficial do concello de Cabana. Cuíñas fíxolle un himno (en galego) a san Fins e recolleu moitas